

# ANEXO I

## ÁREA SANITARIA DE FERROL

No ámbito territorial, a área sanitaria de Ferrol xestiona todos os servizos sanitarios de atención primaria, especializada e sociosanitaria dos seguintes concellos: Ares, Cabanas, A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, Somozas e Valdoviño.

En total, ten unha poboación protexida de 178 283 habitantes, dos que 19 250 son as persoas menores de idade entre 0 e 14 anos, un 10,80 % da poboación protexida, e 48 073 teñen máis de 64 anos que representan un 26,96 % da poboación protexida.


Para o desenvolvemento da súa actividade asistencial a Área Sanitaria de Ferrol conta co **Complejo Hospitalario Universitario de Ferrol-CHUF**, integrado polo Hospital Arquitecto Marcide o Hospital Naval e o Hospital Novoa Santos, ademais de centros de saúde, consultorios e puntos de atención continuada.

Actualmente non hai desenvolvido un plan de Humanización propio, pero xa se están levando a cabo varios proxectos en todos os ámbitos de actuación, a continuación recóllense os máis destacados:

### **PERSONALIZACIÓN E ADAPTACIÓN DE ESPAZOS:**

#### ÁREAS DE PEDIATRÍA

**DULCIFICACIÓN DE ESPAZOS PEDIÁTRICOS.** Proxecto de humanización gráfico e pedagóxico da área de Hospitalización de Pediatría do 3º andar do H. Arquitecto Marcide, coa colaboración da Fundación Paideia, que inclúe xogos na paredes, un muro con forma de ondas onde as persoas doentes poden colgar as súas cartas e a creación da mascota Prioriño, un peixe pirata que xunto aos seus amigos lles dá nome a cada un dos cuartos establecendo actividades didácticas de temática mariña. Na mesma liña, se están realizando actuacións na área de Pediatría do 1º andar e Urgencias de dito hospital, con o bosque como tema central. Acompáñase esta experiencia con recursos didácticos complementarios como un manual de explorador e unha mochila de explorador con materiais para que poidan facer actividades os pacientes que pasan períodos máis prolongados en Urgencias.



## UNIDADE DE CUIDADOS PALIATIVOS

**EXPOSICIÓN DE OBRAS DE ARTE EN DATAS SINALADAS.** Cabe destacar neste apartado de a exposición de 15 obras de temática variada distribuídas polos corredores da Unidade de Hospitalización de Paliativos, con motivo do Día Mundial dos Cuidados Paliativos, realizadas polos compañeiros que acoden ás aulas de pintura da área sanitaria ferrolá.

## ÁREAS COMÚNS/ XERAL

**ADAPTACIÓN DE MOSTRADORES DE CITACIÓN.** Adaptación dun punto de citación, cun mostrador a dúas alturas, para un mellor acceso de persoas en cadeiras de rodas.

**BAÑOS PARA PERSOAS DOENTES OSTOMIZADAS.** Actualmente no Complexo Hospitalario hai instalado un aseo adaptado a persoas doentes ostomizadas, como parte do plan do Sergas de implantar en todas as áreas sanitarias este tipo de unidades adaptadas. O modelo de aseo é similar ao prototipo deseñado no Complexo Hospitalario de Pontevedra que foi o impulsor desta iniciativa.

**SALAS DE LACTACIÓN MATERNA.** Dispoñen de dous espazos, unha sala en cada un dos dous centros hospitalarios da Área Sanitaria, para favorecer a alimentación natural do menor lactante, no marco da “Iniciativa para a Humanización da Asistencia ao Nacemento e Lactación” (IHAN) que promoven a OMS e UNICEF.

## **SINALIZACIÓN E FERRAMENTAS INFORMATIVAS:**

### RADIOLOXÍA

**MELLORA DA SINALIZACIÓN.** Nova sinalización en salas de Urgencias e Radioloxía do Hospital Arquitecto Marcide, con códigos de cores e marcacións no chan, que facilitan o fluxo de persoas doentes e persoal polos corredores. As liñas de cor horizontais levan a persoa usuaria cara á zona á que debe dirixirse, segundo as probas que deba realizar e a cor asignada na cita.



### ÁREA CIRÚRXICA

**PROXECTO “LEMBRA”.** Implantación na área cirúrxica dun sistema de avisos, vía SMS, ás familias de persoas doentes do fin da cirurxía, co fin de evitar aglomeracións nas salas de espera e reducir así o nivel de ansiedade das persoas acompañantes de persoas doentes. No caso de que a intervención sexa longa, o equipo cirúrxico pode enviar tamén outra mensaxe advertíndolles ás persoas acompañantes de que a cirurxía segue o seu curso para tranquilizalos.

## ÁREAS COMÚNS/ XERAL

**IMPLANTACIÓN DO SISTEMA “QUENDA”.** Trátase da plataforma Quenda Medic, que apoia o persoal de servizos de obtención de cita, recepción, asignación de quendas de atención e acceso das persoas usuarias aos servizos de saúde que necesiten, e permite obviar trámites administrativos á vez que reduce o tempo de espera nas salas. As pantallas da plataforma difunden contidos dixitais que, ademais de facilitar a circulación de persoas doentes de consultas externas, promoven hábitos de vida saudable, ou calquera tipo de información sobre saúde.

## **ACTIVIDADES DE MOTIVACIÓN E DE ATENCIÓN EMOCIONAL:**

## ÁREAS DE PEDIATRÍA

**PROGRAMA DE ACTIVIDADES LÚDICAS E DE ANIMACIÓN.** Coa colaboración de varias asociacións como Fundación Paideia, Fundación Theodora, Asociación de Magos de Ferrol, a Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados da Coruña e Adra, Cruz Vermella, alumnos de enfermería da UDC, entre outras, ademais de empresas privadas. Son espectáculos e actividades moi variadas como teatro, pallasos, pintura, contos, scrach, papiroflexia, cantaxogos, repostería, reunións con invitados famosos e actividades en Nadal (concurso cartóns, visita bombeiros, Reis Magos...), Entroido cun taller de elaboración de disfraces etc.



DE  
RÍA

**ACOMPANÑAMENTO A PROBAS.** Servizo de acompañamento das persoas menores de idade a unha das probas que máis os estresa: a resonancia magnética. Trátase dunha escolta de pallasos da Fundación Theodora, que animan e tranquilizan os pequenos ata o momento da sedación.

## HOSPITALIZACIÓN

**REPARTICIÓN DE PRENSA.** Distribución diaria de xornais ás persoas doentes hospitalizadas.

**INSTALACIÓN DE DISPOSITIVOS MULTIMEDIA.** Instalación nos cuartos de persoas doentes de terminais táctiles que van suxeitos á parede por un brazo articulado, o que permite situar a pantalla fronte ao enfermo. Desta maneira as persoas doentes poden acceder a distintos servizos de entretemento cos que contan estes

dispositivos e que ofrece a rede, desde telefonía, televisión e radio a vídeo, xogos, música, internet, noticias, libro electrónico ou videoconferencia.

## SAÚDE MENTAL

**HORTO TERAPÉUTICO.** Dispoñibilidade dun horto no hospital Naval para desenrolo de actividades de terapia ocupacional e ocio dos pacientes do Hospital de Día de Psiquiatría

## UNIDADE DE PARTOS

**PLAN DE PARTO E NACEMENTO.** Documento consensuado co persoal sanitario que busca optimizar os recursos dispoñibles, tratando de facelo compatible co tipo de atención que a muller desexe, e das necesidades, preferencias e expectativas que manifieste na súa relación co persoal sanitario. As xestantes poden expoñer cales son as súas necesidades especiais, decidir que medidas queren tomar para preservar a súa intimidade e mesmo poden determinar o uso da súa propia roupa no caso de que non queiran poñerse a do hospital. O plan complétase con sesións en grupo para embarazadas de entre 28 e 32 semanas co fin de aproximar a s xestantes ao momento do parto, ademais de coñecer as instalacións e o procedemento e solucionar as dúbidas que poidan ter. Sinalar que o CHUF foi recoñecido en 2019 pola IHAN (Iniciativa para a Humanización da asistencia ao Nacemento) como Hospital en fase 1D de acreditación.

## ÁREA DE PERSOAL SANITARIO:

### ÁREAS COMÚNS/ XERAL

**ATENCIÓN AO PERSOAL XUBILADO.** Acto de homenaxe e agradecemento ao persoal que dedicou a súa vida profesional á área sanitaria ferrolá. Ao persoal sanitario xubilado entrégaselle un agasallo conmemorativo.



**FORMACIÓN EN HUMANIZACIÓN.** Cursos de formación a persoal sanitario de manexo de información ao final da vida.


**DESENVOLVEMENTO DUNHA WEB PARA PERSOAL SANITARIO.** “Educainflamatoria.com”, é un proxecto de teleformación da Unidade de EII-Dixestivo do Complexo Hospitalario. É a primeira web española sobre endoscopia e enfermidade inflamatoria intestinal, que busca integrar os aspectos clínicos e diagnósticos nun marco visual interactivo, como ferramenta para o especialista iniciado



ÁREAS  
COMÚNS/  
XERAL

na EICI ou os residentes en formación. Asemade, é unha web para pacientes na que poden acceder a moita información e consellos, así como consultar as súas dúbidas con diversos especialistas.

**ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL DE PERSOAL SANITARIO.** A Asociación Deportiva e Cultural do persoal dos centros da área sanitaria ferrolá está formada por persoas traballadoras (en activo e xubiladas) da Xerencia e promove actividades fóra do ámbito asistencial como obradoiros de fotografía ou pintura. As obras realizadas expóñense ao longo do ano en distintas zonas do centro hospitalario (en vestíbulo, zonas de espera etc). A asociación tamén conta cunha coral polifónica, un grupo de teatro e un grupo de música tradicional. Ademais de promover encontros artísticos e literarios, teñen constituído tamén un equipo de fútbol.




## RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA:

ÁREAS  
COMÚNS/  
XERAL

**DESENVOLVEMENTO DUNHA WEB PARA PERSOAS DOENTES.** O equipo de Cardioloxía do Complexo Hospitalario desenvolveu unha web, “Cardiosaudeferrol”, que foi premiada polo Colexio de Médicos por ser unha web pioneira en Galicia dirixida ao coidado das persoas doentes cardiolóxicas. A web, que está dividida por patoloxías, proporcionalles ás persoas doentes recomendacións e recursos nunha contorna máis relaxada, e é un complemento ás consultas e unha ferramenta para implicar a propia familia na enfermidade.



**CICLOS DE CHARLAS SAUDABLES.** Serie de conferencias organizadas por *La Voz de Galicia* e a Xerencia da área sanitaria en Afundación, impartidas por especialistas con temas de interese social en foros dos municipios de Ferrol e As Pontes para abordar e expoñer algunhas claves e recomendacións que posibilitan unha vida máis saudable, así como analizar as enfermidades con máis impacto na comarca. Así, xa se trataron temas como a insuficiencia cardíaca, os efectos do tabaquismo, a lumbalxia, a diabetes etc.



**ESPAZO PARA AS ASOCIACIÓN DE PERSOAS DOENTES.** As asociacións de persoas doentes da área de Ferrol contan cun local nas instalacións da área sanitaria para o seu uso compartido. Alí realízanse xornadas e charlas divulgativas a persoas doentes coa colaboración das asociacións de persoas doentes (Párkinson, enfermidades reumatolóxicas...).

**CONCURSO DE PELUCHES.** Colaboración cos centros escolares de Ferrol para o deseño da mascota da aula escolar do hospital, para favorecer o achegamento das persoas menores de idade á vida cotiá do hospital.